

Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.

MEMORIA EXPLICATIVA

Durante o ano 2007 BIC GALICIA continuará traballando para o desenvolvemento rexional, mediante o apoio á creación de empresas, a consolidación e modernización das Pemes e o fomento da innovación e cooperación empresarial como instrumentos de creación de emprego e xeración de riqueza na nosa rexión.

Para iso desenvóléronse nestes anos unha serie de accións formativas, de asesoramento e asistencia técnica, que xunto a unha ampla colección de instrumentos, estudos e ferramentas apoian as iniciativas emprendedoras, colaboran ó desenvolvemento e consolidación das empresas existentes e fomentan a innovación e a cooperación nacional e transfronteiriza como elementos clave de competitividade e expansión empresarial.

Estas actividades intégranse plenamente nas liñas estratéxicas definidas polo IGAPE

- Liña 1. Emprendemento e mellora do capital humano
- Liña 3. Internacionalización
- Liña 4. Mellora da produtividade a través da innovación e competitividade
- Liña 6. Outros proxectos

Así coma entre os obxectivos sinalados no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia (MECEGA) 2007 – 2013, que contemplan as actuacións e fontes de financiamento europeas previstas (FSE / FEDER) para alcanzar os obxectivos de Convergencia, de Competitividade Rexional e Emprego e de Cooperación Territorial

Europea e de Fomento do Espírito Empresarial e Mellora da adaptabilidade de Traballadores, Empresas e Empresarios. Concretamente, nos seguintes Eixos e Medidas:

FSE 2007-2013

- Eixo 1 (FSE 2007-2013). Fomento do espírito empresarial e a mellora da adaptabilidade dos traballadores, empresas e empresarios
 - Medida 1.1. Promoción do espírito empresarial e da adaptabilidade das empresas
 - Medida 1.2. Reforzo do nivel de competencias dos traballadores e dos empresarios
- Obxectivos transversais FSE 2007-2013 (igualdade de oportunidades, innovación, novas tecnoloxías, partenariado,...)

FEDER 2007-2013

- Eixo 1. Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC)
 - Medida 1.5. Promoción da innovación tecnolóxica nas empresas
 - Medida 1.7. Desenvolvemento e aplicación das TIC
 - Medida 1.9. Servizos e aplicacións TIC para as Pemes
- Eixo 2. Desenvolvemento e innovación empresarial
 - Medida 2.1. Mellora do capital organizativo e a innovación empresarial
 - Medida 2.5. Apoio á internacionalización e promoción exterior
 - Medida 2.8. Apoio á promoción, atracción e retención de investimentos estranxeiros

Para iso e conforme ó noso ámbito de aplicación e afectación, as nosas actividades desenvólvense nas seguintes áreas e directrices

Áreas

- I. Emprendedores e micropemes
- II. Empresas

Directrices

I. Fomento do espírito empresarial e da adaptabilidade das pequenas empresas, con actividades que fomenten a cultura empresarial, a modernización de empresas tradicionais e a consolidación das micro e pequenas empresas de recente creación.

II. Mellora dos coñecementos e a innovación a favor do crecemento fomentando a innovación empresarial e a participación das empresas en programas de I+DT nacionais e internacionais.

III. Máis e mellores empregos, creando e adaptando materiais e cursos de formación para o impulso de cultura emprendedora e de acordo coas necesidades reais das novas empresas e as existentes.

IV. Fomento da cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional a través do intercambio de boas prácticas así como da participación das empresas en programas que lles xeren un alto valor engadido.

Todo iso integrado na política xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), de creación, consolidación e mellora competitiva das Pemes galegas, utilizando e favorecendo a innovación e a cooperación como instrumentos esenciais que contribúen ó desenvolvemento rexional e cumprindo as directrices de actuación, que para os Centros Europeos de Empresas e Innovación (BICs) define a Unión Europea.

I EMPRENDEDORES E MICROPEMES

PROMOCIÓN DO ESPÍRITO EMPRESARIAL

BIC GALICIA ten como un dos seus principais cometidos a dinamización e difusión do espírito emprendedor na nosa comunidade, co obxectivo de potenciar e afianzar a creación de empresas. Por iso, un ano máis, manterá o desenvolvemento dun conxunto de actividades dirixidas a persoas potencialmente receptivas á alternativa emprendedora, complementándoo coa mellora e adaptación dos diferentes recursos e ferramentas multimedia elaborados nos últimos anos.

No marco da Orde de Emprendedores do Igape mantéñense a actividades formativas modulares, en relación ás distintas áreas de interese empresarial (seminarios de xestión empresarial nas súas modalidades de presencial e on-line), e as tutorías realizadas por persoal especializado. Como soporte para a realización do plan de empresa utilízanse diversas ferramentas multimedia para capacitar ó promotor para realizar o seu plan de viabilidade e ó empresario para a implantación do mesmo.

Todas estas accións veranse reforzadas coa inclusión de novas actividades que permitirán achegar ós emprendedores e empresarios o concepto de I+D+i.

BIC GALICIA, tampouco é alleo á realidade social, polo que se propón a adaptación dos diversos materiais, recursos e soportes para a súa inclusión e utilización en actividades específicas (formativas, de asesoramento, seminario, charlas...) con colectivos diferenciados (emigrantes, mulleres, discapacitados, etc.) como colaboración e apoio ás institucións e organismos correspondentes.

A continuación preséntanse de modo esquemático as diferentes liñas de actuación que se propoñen dentro deste eixo:

- Difusión, orientación e promoción da cultura emprendedora: coa realización de actividades formativas de tipo xenérico e específico por sectores de actividade, potenciando os exemplos no campo da I+D+i. Complétase coa realización do Día do emprendedor.
- Actuacións en contornas específicas: tanto no área de Educación (universidades, centros de formación profesional e ensino primario) como coa rede de Técnicos e axentes de emprego e desenvolvemento local e as entidades que fomentan e apoian a creación de empresas en Galicia. Sen descoidar o fomento da igualdade entre colectivos de especial interese.
- Recursos: necesidade de completar e mellorar as citadas actuacións coa integración e potenciación das ferramentas e recursos dispoñibles. Ademais de transformar a Web e plataforma de e-learning nunha verdadeira escola virtual para o emprendedor e o empresario novel, facilitando o acceso e a formación nos materiais e ferramentas multimedia desenvolvidos.
- Promoción e difusión de actividades: publicitando e informando sobre os programas realizados e a formación ofertada que se establecen nesta liña de actuación, xunto coa implementación de sistemas de avaliación e seguimento de actividades.

Orzamento: 1.113.974,91 €

REFORZO DE COMPETENCIAS.

Co obxectivo de lograr a consolidación non só das empresas creadas nos últimos anos (empresa novel) senón tamén do tecido de MICROPEMES galego impartirase formación especializada modular para a mellora da xestión e as capacidades empresariais (seminarios de formación continua), tanto na súa versión presencial coa colaboración da rede de entidades citadas anteriormente, como coa implementación de diversos cursos de carácter xenérico (Adecuación á LOPD, internacionalización de empresas, etc.) e sectorial (diversificación empresarial) na súa versión on-line, poñendo unha especial énfase na difusión e potenciación da I+D+i e o uso das TICs nas empresas.

De modo simultáneo contarase cunha serie de recursos xa implementados e desenvolvidos por BIC GALICIA, como é a plataforma de e-learning e o Observatorio de empresas.

Destacamos o seguimento da implementación do Observatorio de empresas, que inclúe futuras colaboracións externas tales como o Informe GEM (Global Entrepreneurship Monitor).

Na liña de integración e acceso a contidos web descrita, continuarase a implementación de publicacións que permitirán a consulta temática dos seus contidos ó organizalas polas diferentes áreas de xestión empresarial: financiamento, RR.HH. laboral, fiscal, xurídico, etc.

A continuación preséntanse de modo esquemático as diferentes liñas de actuación que se propoñen dentro deste eixo:

- Mellora e apoio a empresas nacentes e MICROPEMES: coa realización de actividades formativas e de xestión empresarial, potenciando a formación modular específica, xenérica e sectorial, xunto coa mellora da xestión empresarial e de habilidades empresariais. Mellora do uso das TICs nas empresas noveis.
- Apoio á diversificación empresarial e I+D+i: coa realización de actividades de difusión da cultura da I+D+i e a promoción de detección de oportunidades no ámbito da I+D+i enfocado cara ó perfil anteriormente mencionado de empresas noveis e micropemes.
- Recursos: como no eixo anterior é necesaria a concreción dunha web de recursos TICs que permita a comunicación e promoción das MICROPEMES. Ademais coa plataforma de e-learning poderase lograr de modo eficiente a mellora de habilidades tanto para traballadores como empresarios. A posta en marcha do observatorio de empresas será un elemento diferenciador e de contraste ó ser un claro indicador da situación do tecido empresarial galego; o cal verase reforzado grazas á elaboración de guías de apoio á xestión empresarial (específicas e xenéricas) que dean resposta ás dúbidas máis comúns do ámbito empresarial.

Orzamento: 519.426,69 €

II EMPRESAS

A pertenza de BIC GALICIA ás redes de CEEIs/BICs nacional (ANCES) e europea (EBN), nas que se participa de forma moi activa, permite desenvolver programas en conxunto de dimensión nacional e europea de cuxos resultados é beneficiario o tecido empresarial galego.

De xeito global, trátase sempre de elaborar e adquirir ferramentas e metodoloxías innovadoras que favorezan a competitividade e produtividade das empresas galegas, utilizando os recursos de cofinanciación nacional e europea existentes a través do seu acceso a programas específicos.

Ademais dos recursos mencionados no área I, a participación neses programas permitiunos xerar ferramentas e instrumentos específicos con utilidade para a contorna económica galego (Servizos de información xeográfica referenciada, Sistemas de xestión de incubadoras, ...).

Cada unha das medidas previstas contemplan as correspondentes accións de formación, tanto de carácter presencial como telemático, dirixidas a técnicos e responsables das empresas e das entidades participantes nos diferentes programas.

As actividades a desenvolver neste área englobanse nos seguintes epígrafes:

COOPERACIÓN E INNOVACIÓN EMPRESARIAL.

- Promoción do espírito innovador e empresarial latente en universidades e centros tecnolóxicos e de investigación, propiciando e estimulando a creación de empresas de base tecnolóxica e xeración de spin-off con accións de detección de proxectos, formación en xestión empresarial, tutela das iniciativas e procura de financiamento. Participación en redes e plataformas tecnolóxicas que apoien as actividades de spin-off en sectores prioritarios para Galicia. Estimulo do enriquecemento do tecido empresarial galego favorecendo estratexias de intraemprendizaxe, detectando e xerando novos negocios no seo das empresas mediante a aplicación de metodoloxías testadas.
- Mellora da posición competitiva das empresas a través do favorecemento da súa participación en proxectos europeos e nacionais de I+DT no VII Programa Marco, mediante a difusión destes programas ós sectores produtivos galegos cun enfoque selectivo e de adaptación ás necesidades e expectativas dos mesmos, formación ás empresas nas metodoloxías de traballo que se seguen en cada programa, asistencia técnica á elaboración de propostas, procura de socios, ...
- Mantense a actividade de información de programas europeos mediante a distribución das convocatorias de axudas ou outras iniciativas europeas que poidan ser de interese para a participación de entidades e empresas con énfase naqueles programas específicos que sexan accesibles ós axentes de asociacionismo correspondentes en cada sector.

- Impulso da implantación das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) nas empresas, así como a súa utilización eficiente, promocionando a súa participación en programas de cooperación que faciliten a transferencia de mellores prácticas entre empresas tractoras e Pemes.
- Promoción da competitividade e innovación nas empresas. Promover a incorporación dos novos coñecementos na operativa das empresas, mediante o desenvolvemento de unidades de xestión da innovación nas empresas, proporcionando as metodoloxías e o asesoramento técnico necesario ós seus equipos humanos.
- Fomento da cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional entre as empresas e institucións para a mellora da competitividade, o intercambio de coñecementos e promoción do crecemento.
- Elaboración de plans estratéxicos.

Orzamento: 464.209,49 €

EXPANSIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL.

- Partindo da experiencia acumulada de anos anteriores, continuar promovendo a internacionalización das empresas galegas a través da súa participación en programas europeos que favorecen o intercambio comercial e transferencias tecnolóxicas e de know-how entre empresas europeas e empresas doutros continentes; así como a formación e asesoramento técnico específico a grupos de empresas de sectores prioritarios para o mellor aproveitamento das oportunidades comerciais no exterior.

Orzamento: 323.171,03 €

ESTRUTURA, XESTIÓN E DIRECCIÓN

Para rematar, enmárcanse baixo o epígrafe de estrutura, xestión e dirección aquelas actividades horizontais de planificación, avaliación e seguimento que aseguren a eficaz realización dos programas precedentes e que nos permitirán deseñar e establecer as modalidades de participación en novos proxectos. Así mesmo, englobase neste epígrafe a actualización formativa dos nosos técnicos.

Orzamento: 62.367,88 €

ORZAMENTO EXERCICIO 2007

C.E.E.I. GALICIA, S.A.

FINANCIAMENTO

Concepto	Importe	Orixe	Aplicación
Orzamento de explotación	2.242.854,00	Igape	CEEI GALICIA, SA
Orzamento de explotación	199.696,00	Comisión Europea	CEEI GALICIA, SA
Orzamento de explotación	15.600,00	Adm. Central	CEEI GALICIA, SA
Orzamento de explotación	25.000,00	Prest. Servizos	CEEI GALICIA, SA
Orzamento de capital	30.000,00	IGAPE	CEEI GALICIA, SA
TOTAL	2.513.150,00		

RESUMO

FINANCIAMENTO IGAPE	2.272.854,00
PRESTACIÓN SERVICIOS	25.000,00
OUTROS FINANCIAMENTOS	215.296,00

ORZAMENTO EJERCICIO 2007

GASTOS	EUROS
1.- Aprovisionamientos	1.570.263,58
2.- Persoal	762.886,42
- Salarios	597.480,44
- Seguridad Social	142.480,98
- Seguros	14.925,00
- Manutención	8.000,00
3.- Otros gastos de explotación	150.000,00
- Gastos de estructura	150.000,00
- Amortizaciones	0,00
<u>TOTAL GASTOS 2.483.150,00</u>	

ORZAMENTO EXERCICIO 2007

INGRESOS

EUROS

I.- PROMOCIÓN DO ESPÍRITO EMPRESARIAL	1.113.974,91 €
II.- REFORZO DE COMPETENCIAS	519.426,69 €
III.- COOPERACIÓN E INNOVACIÓN EMPRESARIAL	464.209,49 €
IV.- EXPANSIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL	323.171,03 €
V.- ESTRUCTURA, XESTIÓN E DIRECCIÓN	62.367,88 €
<u>TOTAL INGRESOS</u>	2.483.150,00 €

INVESTIMENTOS

EUROS

COMPRAS

30.000,00

- Investimentos de C.E.E.I. Galicia, S.A.
 - Equipos de oficina e informáticos
 - Aplicacións informáticas
 - Mobiliario e aparellos de oficina

30.000,00

DOTACIÓNS

- Subvencións ó capital

30.000,00

RESUMO

Concepto

Entradas

Saídas

Ingresos

2.483.150,00

Gastos

2.483.150,00

Investimentos

30.000,00

Dotacións ós investimentos

30.000,00

TOTAL ORZAMENTO 2007 2.513.150,00 2.513.150,00

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007		
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN		
SOCIEDADE: C.E.E.I. GALICIA, S.A.	Miles de euros	
	DEBE	HABER
REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS		
APROVISIONAMENTOS	1.570	
GASTOS DE PERSOAL	763	
Soldos e salarios	597	
Seguridade Social a cargo da empresa	142	
Indemnizacións	0	
Contribucións a sist. complementarios de pensións	15	
Outros	8	
AMORTIZACIÓNS	18	
Do inmovilizado material	16	
Do inmovilizado inmaterial	2	
De gastos de establecemento	0	
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO	0	
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO	0	
Variación das provisións de existencias	0	
Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables	0	
Variacións outras provisións de tráfico	0	
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	150	
Servicios exteriores	150	
Impostos sobre beneficios	0	
Outros tributos	0	
Outros gastos de xestión corrente	0	
Dotación ó fondo de reversión	0	
GASTOS FINANXEIROS E ASIMILADOS	0	
De obrigas e bonos	0	
De préstamos e créditos	0	
Por descontos de efectos comerciais	0	
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais	0	
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes	0	
Outros	0	
Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados	0	
VARIACIÓN PROV. INVEST. FINANXEIROS	0	
A longo prazo	0	
A curto prazo	0	
SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0	
GASTOS ORDINARIOS	2.501	
BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
RESULTADOS NETOS DE SUBVENCÍONS	-2.458	
+BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
+SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0	
-SUBVENCÍONS Á EXPLOTACION	2.458	
-PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
AUMENTO DAS EXISTENCIAS		
VENDAS NETAS		25
Vendas nacionais		0
Exportacións		0
Prestación de servicios		25
INGRESOS ACCESORIOS DA EXPLOTACIÓN		0
Alugueiros		0
Outros		0
INGRESOS FINANXEIROS E ASIMILADOS		18
Dividendos		0
Xuros		0
Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais		0
Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes		0
Outros		0
Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados		18
SUBVENCÍONS A EXPLOTACIÓN		2.458
Da Comunidade Autónoma		2.243
Doutros Entes Públicos (con detalle)		0
Doutros (especificar)		215
TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO		0
INGRESOS ORDINARIOS		2.501
PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS		0

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
SOCIEDADE: C.E.E.I. GALICIA, S.A.		Miles de euros	
	ORIXE DE FONDOS		APLICACIÓN DE FONDOS
RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	0	PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS	15
Cash-flow actividades ordinarias	0	ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS	0
Amortizacións	18	GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBEDAS	0
Provisións netas de explotación (debe-haber)	0	Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital	0
Gastos e ingresos para distribuír en varios exercicios, aplicados	-18	Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos	0
Resultado ordinario antes de subvencións	-2.458		
Subvencións netas á explotación	2.458	ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO	30
Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber)	0	Inmovilizado material	30
Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber)	0	Terreos e construcións	0
Gastos e ingresos extraordinarios	0	Instalacións técnicas e maquinaria	0
APORTACIÓNS DE CAPITAL	0	Outras instalacións, utensilios e mobiliario	0
Da Comunidade Autónoma	0	Anticipos e inmovilizacións materiais en curso	0
Doutros entes públicos	0	Outro inmovilizado material	30
De sociedades públicas	0	Inmovilizado inmaterial	0
Doutros (especificar)	0	Gastos de investigación e desenvolvemento	0
SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	30	Propiedade industrial	0
Da Comunidade Autónoma	30	Fondo de comercio, dereitos de traspaso	0
Doutros entes públicos	0	Outro Inmovilizado inmaterial (especificar)	0
Doutros (especificar)	0		
OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS	0	Inmovilizado financeiro	0
FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO	0	Empresas do Grupo	0
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	Empresas asociadas	0
Préstamos doutros entes públicos	0	Outros investimentos financeiros	0
Crédito oficial	0	ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS	0
Empréstitos e outros pasivos análogos	0	REDUCCIÓN DE CAPITAL	0
Préstamos de empresas do grupo	0	DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS	0
Préstamos de empresas asociadas	0	A Comunidade Autónoma	0
Préstamos doutras empresas	0	A outros entes públicos	0
Acredores a longo prazo das Administracións públicas	0	A sociedades públicas	0
Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas	0	A outras (especificar)	0
ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO	0	CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA	0
Inmovilizado material	0	Préstamos da Comunidade Autónoma	0
Inmovilizado inmaterial	0	Préstamos doutros entes públicos	0
Alleamento inmovilizado financeiro	0	Crédito oficial	0
Empresas do grupo	0	Empréstitos e outros pasivos análogos	0
Empresas asociadas	0	Préstamos de empresas do grupo	0
Outros investimentos financeiros	0	Préstamos de empresas asociadas	0
ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS	0	Doutras débedas	0
CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS	0	De provedores de inmovilizado e outros	0
Empresas do grupo	0	TOTAL APLICACIÓNS	45
Empresas asociadas	0	AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE	###
Outros investimentos financeiros	0		
TOTAL ORIXES	30		
DIMINUCCIÓN CAPITAL CIRCULANTE	15		
		VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA	
		-Aumento das existencias	0
		-Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos	0
		-Aumento debedores excepto Admóns.públicas	0
		-Aumento debedores das Admóns.públicas	0
		-Aumento contas financeiras	-15
		-Aumento axuste pola periodificación de activos	0
		ACTIVO CIRCULANTE	-15
		-Redución das existencias	0
		-Aumento acred. curto prazo excepto Admóns.públicas	0
		-Aumento acredores curto prazo das Admóns.públicas	0
		-Aumento axuste pola periodificación de pasivos	0
		PASIVO CIRCULANTE	0
		VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA	-15

ACTIVO			
	2.005	2.006	2.007
Accionistas (socios) por desembolsos non esixidos	0	0	0
Gastos de establecemento	0	0	0
Inmobilizado inmaterial neto	14	4	2
Inmobilizado material neto	69	67	81
Provisións do inmovilizado non financeiro	0	0	0
Inmobilizado financeiro neto	42	38	38
Accións propias	0	0	0
Gastos para distribuír en varios exercicios	0	0	0
Accionistas por desembolsos esixidos	0	0	0
Existencias	0	0	0
Debedores ordinarios	112	80	80
Debedores administracións públicas	383	443	443
Contas financeiras	199	152	138
Axustes por periodificación	5	0	0
TOTAL ACTIVO	823	785	782

PASIVO			
	2.005	2.006	2.007
Fondos propios	155	165	165
Subvencións en capital	94	94	106
Diferencias positivas de cambio	0	0	0
Outros ingresos para distribuír en varios exercicios	0	0	0
Provisións para riscos e gastos	67	63	48
Acredores a longo prazo	0	0	0
Acredores a curto prazo, ordinarios	173	31	31
Acredores a corto prazo, administracións públicas	335	401	401
Provisións para operacións de tráfico	0	32	32
Axustes por periodificación	0	0	0
TOTAL PASIVO	823	785	783

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007		
CADRO DE FINANCIAMENTO		
SOCIEDADE: C.E.E.I. GALICIA, S.A.	Miles de euros	

	2.005	2.006	2.007
Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións)	-1.142	-1.988	-2.458
Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS	256	24	0
Existencias	0	0	0
Debedores excepto Administracións Públicas	112	80	0
Axustes pola periodificación de activos	0	0	0
Accionistas polos desembolsos esixidos	0	0	0
Debedores das administracións públicas	388	376	0
Acredores de administracións públicas	-124	-401	0
Acredores excepto administracións públicas	-120	-31	0
Axustes por periodificación pasivos	0	0	0
Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	-1.398	-2.012	-2.458
Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS	1.172	1.988	2.488
Contribucións de capital	0	0	0
Subvencións en capital	30	0	30
Subvencións á explotación	1.142	1.988	2.458
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0
Financiamento alleo a longo prazo	0	0	0
Alieamento de inmovilizado	0	0	0
Alieamento de accións propias	0	0	0
Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmovilizacións financeiras	0	0	0
Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS	-226	-24	30
Menos : DOTACIÓNS	-42	-23	-45
Accionistas por desembolsos non esixidos	0	0	0
Gastos de establecemento e formalización de debedas	0	0	0
Inmovilizado material	25	19	30
Inmovilizado inmaterial	5	4	0
Inmovilizado financeiro	0	0	0
Adquisición de accións propias	0	0	0
Reducción de capital	0	0	0
Dividendos e outros repartos de beneficios	0	0	0
Cancelación ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo	0	0	0
Provisións para riscos e gastos	12	0	15
Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS	-268	-47	-15
Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL)	467	199	152
Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL)	199	152	138

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007		
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		
SOCIEDADE: C.E.E.I. GALICIA, S.A.	Miles de euros	

	2.005	2.006	2.007	
Vendas Netas, prestación de servizos e outros ingresos de explotación	114	106	25	
Máis : Variación de existencias de produtos terminados e en curso		0	0	
Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado	0	0	0	
Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN	114	106	25	
Menos : Aprovisionamentos	543	1.357	1.570	
Menos : Gastos externos e de explotación	127	120	150	
Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA	-556	-1.371	-1.695	
Menos : Outros gastos	0	0	0	
Menos : Gastos de persoal	589	620	763	
Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN	-1.145	-1.990	-2.458	
Menos : Dotacións para amortización de inmovilizado	29	23	18	
Menos : Dotacións ó fondo de reversión	0	0	0	
Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisións de Tráfico	1		0	
Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN	-1.175	-2.013	-2.476	
Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuír imputados	30	25	18	
Menos : Gastos financeiros	1	0	0	
Menos : Dotacións para amortizacións e provisións financeiras	0	0	0	
Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS	-1.145	-1.988	-2.458	O.K.
Máis : Resultado proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionais	10	0		
Menos : Variación das Provisións do inmovilizado		0	0	
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIÓNS	-1.135	-1.988	-2.458	
Máis : Subvencións netas á explotación	1.142	1.988	2.458	
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	7	0	0	
Menos : Impostos sobre sociedades e outros	0	0	0	
Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA)	7	0	0	

